Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
dacoruna.gal/intranet/sindicatos/ccoo

Estimada compañeira, estimado compañeiro:

O vindeiro martes 27 de xuño xógase o formato de negociación colectiva na Deputación da Coruña durante os vindeiros catro anos. Es ti, co teu voto, o que decides si desexas un **sindicalismo corporativista para as elites ou un sindicalismo de clase baseado na defensa ecuánime de todos e todas como o que defende CCOO.**

Neste sentido resulta interesante observar como quen, camuflado de modernidade, participación e colaboración presenta unha lista onde o 75% dos postos son xefaturas e todos os postos que poden obter representación están ocupados por xefaturas de alto nivel. En contraposición, **CCOO dispón dunha candidatura centrada en postos base, cunha representación plural, onde quedan representados todos os centros e a maioría de categorías da Deputación.** Asemade, CCOO é a única candidatura que non incorpora ningún máximo responsable de servizos, unidades ou centros, porque entendemos que podería xerar conflitos de interese na defensa dos intereses e dereitos dos traballadores e traballadoras.

O 27 de maio decides, tamén, que sindicato será o maioritario e por tanto quen terá prioridade como interlocutor coa Corporación. Neste sentido, tes que decidir si prefires posicións maximalistas que dificultan, cando no imposibilitan directamente, a negociación ou prefires unha negociación pragmática cun goberno provincial que amosou nos anteriores mandatos un claro recoñecemento pola labor dos empregados públicos desta casa. Si apostas pola primeira opción, non somos o teu sindicato, mais si crees que o que corresponde é **manter e profundar nas canles de dialogo que CCOO conseguiu tecer co Goberno provincial**, sen dúbida, somos a túa opción. CCOO liderou os maiores logros sindicais na historia da deputación, así producíronse grandes melloras salariais como o incremento do Complemento Específico e de Destino mediante a valoración de postos ou o incremento da produtividade a través da nova paga por obxectivos globais. Pero tamén importantes melloras na conciliación da vida laboral, familiar e persoal como a recuperación do A44, o incremento do horario de verán ou a aplicación do horario do Nadal e de semana santa.

Así pois, co teu voto elixes entre outro tipo de sindicalismo ou o **sindicalismo pragmático, transversal aberto e global de CCOO** para que ninguén se quede atrás e así poder avanzar todos e todas xuntas e non só uns colectivos determinados. **Ti decides, ti elixes**

POR TI, POR TOD@S VOTA CCOO OU *COLABORA* CO XEFE